



# FALADOIRO

ANO XII

NÚMERO XIX



**C.E.I.P. TORRE-CELA  
BUEU**




Debuxo: Manuel Garrido Antón

## SUMARIO

★ Noticias dos pequenos

- O Magosto.
- A Plantación.
- O Belén.
- O Día da Paz.



★ Noticias dos mais grandes



- O Cabaliño de Mar.
- As vacas tolas.
- Fomos o Concerto.
- Instrumentos tradicionais.

★ Páxina literaria,  
Poemas e Contos.

★ Xogos e deportes.

★ Receitas.

★ Lérias e enredos.





## A IMPORTANCIA DOS XOGOS TRADICIONAIS

Coidamos que cando determinada sociedade se decata que está a perder algo que lle é sustancial, adquire conciencia do seu valor real e reflexiona sobre as causas de esta crise e reacciona en consecuencia. Algo diste ocorre, o noso parecer, co tema do folclore infantil. ¡Tantos anos recreando o mundo dos nenos e desenvolvéndose con normalidade, medrando, enriquecéndose e multiplicándose en cada novo pícaro...! ¿qué foi daquelas épocas douradas? As actuais xeracións manifestan un comportamento moi distinto co respecto ós temas tradicionais. Esa mutación débese na maioría dos casos á influencia dos medios audiovisuais e a proposta de xogos que lanza a cotío a sociedade de consumo. Ás veces, ordenadores, televisores, vídeos, maquiniñas, etc. Trasforman o neno nun ser solitario e pasivo e estragan as funcións que desempeñaba o folclore tradicional na personalidade infantil. Calquera pai ou educador pode constata-lo feito da repercusión televisiva na actitude violenta dos nenos nos xogos, e un comportamento mimético, seguindo os modelos que aparecen na onnipresente pantalla, que unicamente pide como tributo a pasividade do espectador.

A finalidade que nos move, coma a de tantos educadores e investigadores do tema, é conseguir que non se perda este legado cultural que herdamos de tempos pasados e que nos chegou a través de familiares e amigos da infancia.

O MAGOSTO

O VENRES 10 DE NOVEM

BRO CELEBRAMO-LO MAGOS

TO FIZO BO DÍA E PASA

MOLO MOI BEN : XOGAMOS A :


- MIGUEL, MIGUEL

- EL PATIO DE MI CASA


- AS SILLAS E O LOBO

Escrito por: Raúl 5 años

Yoll a.e. Magosto



# O MAGOSTO



o NOSO MAGOSTO o DÍA 10 DE NOVEMBRO FISEMOS o  
 MAGOSTO: XOGAMOS MOITO E  
 COMEMOS MOITAS  
 CASTAÑAS ASADAS

TINO '12

# A PLANTACIÓN

MARTES 21 DE NOVIEMBRE

ANGEL 1º

## PLANTACION


ADORNAMOS UN CARTÓN DE LEITE CON  
TIRAS DE PERIÓDICO PINTADAS CON CERAS  
GORDAS E QUEDARON BONITOS.  
DESPUIS BOTAMOSLE TERRA E PLANTAMOS LAS  
CASTAÑAS E TAMÉN REGAMOS.

¡IMOS TER UNS CASTIÑEIRO  
MOI FERMOSES!



O. MÉR CORES. 29. DE. NOVEMBRO.  
ESTIVEMOS. NO. PLANETARIO.  
VIM OS. MOITAS. ESTRELAS. PLANETAS. CONSTELACIONES  
TAMEN. UNHA. ESTRELA. CHAMADA. ARTURO.

JORGE 1°



## A Mitoloxía das Pléiades

O Cúmulo das Pléiades representa a sete irmáns fermosas fillas do xigante Atlas e de Pléione. Chamábanse *Taigete*, *Electra*, *Alción*, *Astérope*, *Celeno*, *Maia* e *Mérope*. Existía outra tradición seguida por Calímaro nun poema no cal as Pléiades era fillas dunha raiña das Amazonas, e a elas se lles atribuíu a institución dos coros e danzas e das festas nocturnas. Nesta tradición os seus nomes eran: *Coccimo*, *Glauca*, *Protis*, *Partenia*, *Maia*, *Estoniquia* e *Lámpado*. Finalmente Calipso e Dione son a veces consideradas como Pléiades.

Tódalas Pléiades casaron con deuses excepto unha, Mérope, que casou con Sísifo, pero a pouco de casar avergonzouse de facelo cun mortal. Existe unha lenda que explica por qué só se ven ben seis das sete Pléiades. Dícese que Electra ocultou o seu rostro para non ver as ruínas de Troia, cidade fundada polo seu fillo Dárdano. Outros comentan que a Pléiade "ausente" é Mérope, avergonzada do seu casamento como xa se comentou. En realidade as estrelas non se nombraron seguindo ningunha destas lendas pois as menos brillantes do cúmulo son Astérope e Celeno. Estas sete ninfas eran seguidoras de Artemis, deusa da caza, e estando un día en Beocia atopáronse co cazador Orión que se enamorou delas e empezou a perseguilas. Éstas pedíronlle a Zeus que as convertise en pombas e o pai dos deuses apiadándose delas convertiunas en estrelas (curiosamente Electra, Taigete e Maia foron amantes de éste).

Pero existían outras tradicións: segundo algunhas, a súa transformación estivo motivada polo pesar que experimentaron cando o seu pai Atlas foi condeado por Zeus a soste o ceo sobre os seus hombros; segundo outras, as Pléiades, xunto coas súas irmáns as Híades foron metamorfoseadas en estrelas despois da morte do seu irmán Hiante, mordido por unha serpe. Noutras versións é a propia Artemis quen as transforma en estrelas. No firmamento podemos ver como Orión parece seguir perseguindo todavía ás Pléiades.


Cando caeu Troia, a pléiade Electra, de quen arrancaba a estirpe dos reis troianos, abandonou desesperada a compañía das súas irmáns e foi transformada en cometa.



NADAL-2000



NO NACEMENTO DO COLE HAI NENOS JOGANDO



XOGAN A MARQUITA



XOGAN A PELOTA



XO GADJA. BUX AINA



XOGAN A CORDA



XOGAN AS BOLA'S




TOGAN A RODA


JOHANA  
MANUEL  
CARMEN  
MATEO  
VANESA  
INES

Araceli Durán Barreiro  
2º



Iria  
5 Anos





Yolanda Entero 2: Día de Paz

¿ QUE É A PAZ ?



A PAZ É TER FOGAR

RAQUEL

A PAZ É PODER XOGAR

OSCAR

A PAZ É TER QUE COMER

IRIA

A PAZ É A XUDARSE

MARÍA

A PAZ É QUE ME QUE  
RAN AARÓN

A PAZ É NON DESTRUIR

RAÚL

A PAZ É TER TRABALLO

ADOLFO

---

A PAZ É LEDICIA

ALBA

---

A PAZ É PODER OPINAR  
BELÉN

---

A PAZ É NOM  
PELEXAR IVÁN

---

A PAZ É SER AMIGOS

AIDA




---

A PAZ É VIVIR

LARA

---

30 DE XANEIRO "DÍA MUNDIAL DA PAZ"



# O CABALÃO DE MAR



O cabalo de mar é um animal moi curioso.  
Vive em todas oceanas da terra, sobre todo  
em augas temperadas:


O seu corpo é pequeno e fraxil, e mide entre  
10 e 20 cm. Ten forma de «S»

Nada em posição vertical, utilizando a sua  
aleta dorsal, e tomen o rabo.

Alimentase de pequenas crías de peixes e  
mariscos

As crías saem do cabalo de mar macho  
e o nacer medem 1 cm.

Tamara Raina Paró



A enfermidade das vacas tolas é unha enfermidade de tipo nervioso, afecta o cerebro e a médula espiñal, o nome científico de esta enfermidade é Encefalopatía Espongiforme Bovina E.E.B. Esta enfermidade está provocada polo consumo de pensos de orixe animal.

En España déronse xa varios casos, o primeiro en Lugo o 21 de novembro do 2000.

Donde mais casos se deron é en Inglaterra e Portugal, sendo España un dos países menos afectados ata o momento. Foron sacrificadas moitas reses e terán que sacrificar unhas 200.000 reses máis, as que teñan máis de 30 meses. Según estudos científicos as reses menores de 24 meses non padecen dita enfermidade, sendo aptas para o consumo humano. As vacas mortas e os pensos de orixe animal, que agora están prohibidos, deben ser incinerados, xa que ata o momento non está autorizado o enterramento. Se nunca se houbera autorizado o consumo de fariñas de orixe animal, quizá esta enfermidade non existiría.

José Luis Freire

6º

# O CONCERTO MÁXICO

O Xoves as once da mañá  
saímos para Vigo no autobús.

Íamos para o concerto de música que  
había no Teatro García Barbón.

Passamos por Bueu, Cangas, Moaña  
e atravesamos a ponte de Rande.

Tamén pasamos por dous túneles  
ata chegar ó lugar do concerto.

Postos alí mandáronnos entrar e  
sentar nas butacas, despois deronnos  
uns papeis de instrumentos e uns  
sobres con cartolinas de cores.

Logo empezou o concerto e escoitamos  
a gaita, o tambor, o charasco, o acordeón,  
a pandeirata, a zanfona... etc.

Tamen cantamos cancións moi divertidas  
e o rematar voltamos para casa  
moi contentos.

- Miriam, Guillermo, Tania 3º

# FOMOS Ó CONCERTO

O xoves día 18 de Xaneiro os nenos e nenas de 3º e 4º fomos a un concerto de música galega no Centro Cultural Caixanova (Vigo).

Sáímos do colexio ás 11 da mañá e marchamos para Vigo. Cando chegamos entramos nunha sala de concertos moi grande e alta. Cando todos estabamos sentados empezou o concerto.

O presentador chamábase "Alberte o Simpatiqueiro" e chegou tarde. Empezou a presentar o señor Cholo. El nos ensinou que hai tres clases de instrumentos: temos os de percusión como o bombo, a pandeireta, o pandeiro, as tarrañolas, o charrasco e o tambor; os instrumentos de vento como a gaita, o clarinete, a requinta e o acordeón e, por último, os instrumentos de corda coma o violín e a zanfona.

Despois todos xuntos acompañados polos instrumentos cantamos cancións populares como "A Rianxeira", "Catro vellos mariñeiros" e "A saia de Carolina".

Pasámolo moi ben.

Gonzalo, Davinia e Javier 4º




# INSTRUMENTOS

# TRADICIONAIS


## DE PERCUSIÓN




PANDEIRETA



BOMBO




TARRAÑOLAS



PANDEIRO



TAMBOR




CHARRASCO


## DE VENTO




GAITA



REQUINTA



CLARINETE



ACORDEÓN

## DE CORDA



VIOLIN



ZANFONA

Davinia

4<sup>2</sup>

## OS RATOS OS QUE LHE GUSTA A ROUPA

Érase unha vez un rapaz que polas noites tiña moito medo porque sempre escoitaba ruidos raros.

Unha noite o rapaz decidiu non meterse na cama e escondese e facer garda toda a noite.

O cabo de media hora o rapaz mirou achegarse por detrás da porta a perna

dun pantalón, o pantalón ía de pé.

O rapaz como tiña a súa cana de pescar co anzó enganchar o pantalón e baixouno.

O primeiro que viu foron dous paws

finiños moi longos e na punta dous ratos collidos das patas e coas outras facías de zanco.

O cabo dunha semana o rapaz tiña de mascota os ratos e toda-las noites lle deixaba colle-la roupa. ¡Pero sucia!

E así foi como o rapaz superou o seu medo ós ruidos polas noites.

# OS NÓSOS CONTOS

## A ROCHA E O TRONCO

Érase unha vez un rapaz que dou vida a unha rocha e a un tronco.

Entón a rocha díxolle o tronco:

“Gracias a ese rapaz salvamos a vida e podemos falar e movernos dun sitio para outro.

O tronco díxolle a rocha:


“Si, pero ti podes moverte e eu non, a si que ti tes moita sorte pero eu non”.

A rocha saltaba de alegría sin facer caso o tronco.

Un día cando a rocha mailo tronco estaban durmindo apareceu unha pantasma e de súpeto quiso matalos.

Pero o tronco non o permitiu e doulle cunha rama no ollo e na nariz.

E dende aquela viviron felices. E decidiron montar unha pequena festa.



## Poemas

Doce como a tarta  
Doce como a Dona  
Doce como a Pomba

Doce - Doce - Doce

Suave como pel  
Suave como unha manta  
Suave como un paxaro

Suave - Suave - Suave

Fermoso como o prado  
Fermoso como o sol

Fermoso como o arco da vella.

Fermoso - Fermoso - Fermoso

IVAN VILAS 5º

## POEMA ENCADENADO

Cando o sol sae  
a terra ilumínase.

Cando a terra se ilumina  
os paxaros saen a voar.

Cando os paxaros saen a voar  
o ceo ponse azul.

Cando o ceo se pon azul  
os nenos saen a xogar.

Cando os nenos saen a xogar  
os flores valuen a nacer.

Cando os flores valuen a nacer  
os ríos valuen a crecer.

Cando os ríos valuen a crecer  
os amigos váluense a ver.

DANIÁN 6º

## OS NOSOS XOGOS

Aproveitando o desenvolvemento durante o presente curso escolar do Seminario "Os Nosos Xogos", estase a recuperar e a mostrar ós nenos xogos que hoxe en día apenas se xogan e que foron moi populares noutras épocas non tan remotas.

Foi así coma neste primeiro trimestre, presentámosllés ós nosos rapaces algúns destes xogos que foron despois xogados nos recreos e en gran grupo no día do Magosto.

Unha mazá podrida,  
Unha, duas, tres, saída.  
Unha mazá asada,  
Unha, duas, tres, salvada.

**BOTAR SORTES**

Un gato cayó en un pozo  
Las tripas hicieron "guá"  
arre moto pitipoto  
Arre moto pitipá  
Salvado estás.

**XOGO DE CORRO**

El patio de mi casa  
es particular,  
cuando llueve se moja  
como los demás.  
Agáchate,  
y vuélvete a agachar,  
que las agachaditas  
no saben bailar.

H, I, J, K  
L, Ll, M, A.  
Que si tú ya no me quieres,  
otro amante me querrá.  
¡Chocolate!  
¡Morenillo!  
¡Corre, corre!  
¡Que te pilló!

El patio de mi casa

A estirar, a estirar  
que la coja va pasar.  
Desde pequeñita me quedé,  
algo resentida de este pie.  
Aunque el andar  
Es cosa muy bonita  
disimular  
Que soy una cojita.

Y si lo soy  
Lo disimulo bien.  
Corre, corre  
Que te doy un puntapié  
Con la punta de este pie.



Xógase formando un corro cos rapaces agarrados das mans e dando voltas. Un dos rapaces estará no centro do corro.

Imítaranse as accións que di a letra. Seguir dando voltas cas mans unidas, dirixíndose ó centro do corro e cantándolle ó rapaz que está dentro del.

Orixinalmente o neno do centro salta sobre un pé, mentras os demais soltándose as mans dan palmas.

Remátase tocándolle o pé a un compañeiro.

## DEPORTE EN IDADE ESCOLAR

Coma tódolos anos algúns dos nosos rapaces están a participar no Cross escolar xunto cos demais colexios do Morrazo.

### MINIBENXAMÍN

Raúl Vidal Juncal  
Adolfo Buceta Cobas  
Daniel Núñez Cerviño  
Angel Estévez Pastoriza  
Tomás García Souto  
Irene Cabanelas Meira  
Aida Freire Otero  
Mabel Freire Souto (Igresario)

### BENXAMÍN

Tamara Acuña Pazó  
Iván Martínez Estévez  
Noemí Besada Portela  
Xosé Guerra Vilas  
Davinia Padín García  
Gonzalo Villanueva Carballo  
Cristian Moares Entenza

### ALEVÍN

José Luis Freire Souto  
David Otero Paz  
Sergio Riobó Carballo  
Marta García Freire  
Iván Vilas Mariño  
M<sup>a</sup> Luisa García Souto

### INFANTIL

Abraham Piñeiro Molanes  
Eugenio Martínez Cerviño  
Damián Rodríguez Freire  
Nerea Acuña Pazó  
Patricia Vidal Juncal  
Sheila Buceta Cobas  
Romina Portela Fernández



Destacar que Nerea, Patricia, Sheila y Romina, antigas alumnas, aínda participan representando ó Colexio.

Todos estes rapaces estiveron nos cross de Limens, Bueu, San Martiño e Cangas, acadando moi bos resultados e quedando clasificados para a final de área, celebrada en Castrelos (Vigo) o 13 de xaneiro, os equipos benxamín masculino (1<sup>o</sup> do Morrazo), alevín masculino (3<sup>o</sup>) e infantil feminino (4<sup>o</sup>).

Tamén participou coma invitada Tamara Acuña Pazó, por estaren nos seis primeiros de cada carreira, e por iso mesmo foi invitada polo Clube "Vila de Cangas" a Toledo para participar nunha carreira na que resultou no 5<sup>o</sup> posto.

Para rematar dicir que se clasificaron para a final provincial, que se celebrou o 20 de xaneiro en Cuntis, o equipo infantil feminino e Tamara Acuña Pazó, en calidade de invitada.

Puri Pazó (A.P.A.)

## CAMPEONATOS INTERNOS

# FÚTBOL

## Clasificación:



- 1º - EFECTO 3000 - 13 pts
- 2º - ROMPECORAZONES - 12 \*
- 3º - GIROPA \_\_\_\_\_ 7
- 4º - SIMPSON \_\_\_\_\_ 6
- 5º - HEIDI \_\_\_\_\_ 6 \*
- 6º - REVANCHA \_\_\_\_\_ 3
- 7º - LOS MEJORES \_\_\_\_\_ 0 \*

\* Un partido menos.

## Goleadores

|                       |     |
|-----------------------|-----|
| ELOY (Rompecorazones) | - 8 |
| ADRIÁN ( " )          | - 6 |
| JOSÉ LUIS (Heidi)     | - 5 |
| RODRIGO (Simpson)     | - 4 |
| DAMIÁN ( " )          | - 6 |
| ABRAHAM (Efecto 3000) | - 8 |
| ALFONSO (Revancha)    | - 5 |

## Partidos por jugar

HEIDI - LOS MEJORES  
ROMPECORAZONES - EFECTO 3  
SIMPSON - REVANCHA  
GIROPA - LOS MEJORES  
HEIDI - ROMPECORAZONES

## TENIS DE MESA

Comenzou o campeonato de Tenis de Mesa entre rapaces de 5º e 6º curso. Estase a desenvolver no Ximnasio todos os luns na hora do recreo.

Pastel de laranxa

Ingredientes:

- \* Dous vasos de zume de laranxa.
- \* un vaso de fariña.
- \* Tres ovos.
- \* un vaso de azucre.
- \* un chupito de aceite.
- unha pouca raiadura de laranxa.



Preparación:

Bátense os ovos nun recipiente no que caiba todo, bótaselle o zume de laranxa, a fariña, o azucre, o chupiño de aceite e a raiadura de laranxa.


Bátese todo ben batido e bótase nun molde con mantequilla e ó forno durante 15 ou 20 minutos.

YÉSICA 5º

Tarta xelada de queixo e fresas

Ingredientes:

- \* unha tarrina de queso.
- \* Catrocentos gramos de fresas.
- \* Catrocentos gramos de nata montada.
- \* Cen gramos de azucre.
- \* Tres ovos.



Preparación:

Traballar as xemas co azucre ata que estén cremosas; engadir o queixo e a nata, misturalo ben e finalmente incorporar as fresas e as claras montadas a punto de neve. Reservar algunhas fresas para decorar a tarta.


Vertelo nun molde de tarta lixeiramente humedecido e deixalo no conxelador de 5 a 6 horas.

Desmóldase facilmente sumerxindo a parte inferior do molde na auga. Servilo decorado coas fresas reservadas.

SABELA 5º

# ADIVIÑAS

REDONDA SON,  
NOS XOGOS CORRO E SALTO,  
E RECIBO PATADAS  
TANTO DO BAIXO  
COMO DO ALTO.  
¿QUE SERÁ?



EUGENIO 6º

(A PELOTA)

UNSCORREN,  
DOUS SAUDAN,  
UNPI TA  
E OS DEMÁIS SUDAN

¿QUE SERÁ? OS DE 4º

O FUTBOL

# PASATEMPOS

## BARULLO DE LETRAS: días da semana

|   |   |   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M | D | O | M | I | N | G | O | O |
| M | L | U | N | S | E | L | T | D |
| A | R | T | S | L | M | N | V | A |
| R | T | U | L | M | O | P | E | B |
| T | S | E | V | O | X | Z | N | A |
| E | E | I | O | U | L | M | R | S |
| S | S | E | R | O | C | R | E | M |
| L | T | U | V | X | Z | M | S | A |


### ADIVIÑA:

Na horta fun nada,  
na horta criada,  
onde sexa que  
entro fago verter  
bágoas:

A c \_ \_ \_ a

### ENCRUCILLADO :


1. Mamífero nocturno voador
2. Mamífero que vive na auga
3. Ave migratoria
4. A nai dos años
5. Vive no pombal
6. As nais dos becerros
7. Animal con cornos moi ramificados



### XEROGLÍFICO:

¿Qué animal ten vinteún pares de patas?

$$\begin{array}{r} 58 \\ +42 \\ \hline \end{array}$$



S

### ADIVIÑA:

Fala e non ten  
boca, anda e  
non ten pés:

A c \_ \_ \_ a

# BUSCA CINCO ANIMAIS

|   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|
| G | R | S | T | W | Q | X |
| A | O | M | U | E | K | H |
| L | R | R | T | J | O | R |
| E | O | E | I | R | A | A |
| O | W | Z | G | L | L | F |
| N | G | N | R | T | A | A |
| W | A | M | E | N | P | L |

# BUSCA CINCO PEIXES

|   |   |   |   |   |   |   |
|---|---|---|---|---|---|---|
| S | F | E | A | E | F | L |
| X | A | L | U | B | B | W |
| V | N | R | E | O | Z | X |
| R | E | W | D | N | I | O |
| E | C | O | R | I | O | U |
| L | A | M | A | T | N | B |
| O | P | O | T | O | E | A |

**SOPA DE LETRAS**

IVAN GARRIDO 5º

ABRAHAM 5º

# HUMOR

¿QUE LLE DI UN FEIXE DE HERBA A OUTRO? IESTAMOS APAÑADOS!

Davinia 4º

¿Sabes por que os de Lepe teñen unha botella vacía na neveira?  
Para as visitas que non queren tomar nada

Miguel 4º

Eran dous locos que escaparon dun manicomio e empezaron a correr ó redor dunha rotonda. Dixo un ó outro:  
¡Manolo, a policía vén aí!  
Manolo contestoulle:  
Tranquilo, que levámoslle catro voltas de ventaxa.º

Gonzalo 4º

Saen dúas pulgas dunha discoteca e dille unha á outra:  
-¿Vamos andando ou collemos un can?

Ana 4º

¿Sabes por que en Lepe poñen cebolas na estrada?  
Porque son boas para a circulación.

Miguel 4º

Un home chega a casa e dille á muller:-¡María, María, fai as maletas que me tocou a lotería!  
A muller dille: -¿Qué ropa meto, a de verán ou a de inverno? O home contéstalle:- Mete toda que vas para a casa da túa nai

Ana 4º

¿Por qué os de Lepe sembran patacas ó lado da praza de touros?  
Para que lle salgan bravas

Gonzalo 4º



